

Lingua e Administración

UNHA OCASIÓN EXCELENTE PARA A NORMALIZACIÓN: A RENOVACIÓN DOS PADRÓNS

A formación, mantemento e rectificación do padrón municipal de habitantes correspóndelle a cada Concello, que procederá á súa renovación cada 5 anos e á súa rectificación anual (art. 17.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local). O padrón é a relación de residentes e traseúntes no territorio do Concello.

Os padróns actuais deben renovarse antes do día 31 de maio de 1986 e, antes de que remate o ano que andamos, cada Concello debe levar a cabo unha serie de traballos preliminares á devandita renovación; este proceso régúlase no RD 1987/84, do 10 de outubro e, máis en concreto, na Orde do 13 de decembro de 1984 (BOE do 14-1-85) que desenvolve as instrucións para levar a cabo os seguintes traballos:

- I) Revisión das entidades ou agrupacións de poboación existentes no término municipal.
- II) Rotulación de entidades ou agrupacións de poboación e de vías urbanas.
- III) Numeración de edificios.
- IV) Revisión da división do término municipal en seccións estadísticas.
- V) Actualización da planimetría e formación da documentación precisa para os traballos da renovación padronal.

Desbotando o habitual rutina de repeti-los datos do anterior padrón estes traballos poden permitir afondar no coñecemento da realidade de cada Concello, mellora-la calidade da información e a documentación municipal (estadística, toponímica/lingüística, cartográfica...) e normaliza-las divisións, as denominacións e as rotulación de tódolos concellos galegos e, no que a nós nos cómpre, quixeramos chama-la atención sobre dous aspectos:

- a) O recoñecemento e delimitación das parroquias de cada Concello.
- b) A recollida das formas toponímicas correctas de parroquias, lugares, estradas, rúas, ríos, regatos...

Tocante ó primeiro aspecto, trátase de axeita-las demarcacións oficiais ás unidades reais de poboación de Galicia dando así cumprimento ós mandatos contidos no noso Estatuto de Autonomía (arts. 2.2, 27.2 e 40.3). Cómpre ter conta que ás veces as parroquias tradicionais están subdivididas en varias parroquias eclesiásticas, sobre todo nas áreas urbanizadas. A este respecto véxase o que di a Orde Ministerial devandita no aptdo. 2.4 do seu anexo I: "Cando existan unidades intermedias entre a entidade ou o agrupamento de poboación e o Concello (como parroquia...) consideraranse estas preferentes para a orde alfabética, colocando tamén por orde alfabética as entidades ou agrupamentos de poboación que compoñan cada unha das ditas unidades" e téñase en conta a posibilidade de propoñe-la revisión da división en seccións para axustala ás parroquias existentes (anexo IV, en especial apartado 4).

Verbo do segundo aspecto, trátase de cumprir co art. 10 da Lei de Normalización Lingüística e recolle-la riqueza lingüística que o noso abundantísimo patrimonio toponímico supón, evitando a súa perda e rematando co seu deturpamento. O apartado 2.3-a.2. do anexo I da Orde Ministerial á que nos referimos prevé estes supostos: "Sofren variacións na súa denominación (por exemplo, polo cambio á lingua vernácula). Transcribíranse tódolos datos coa nova denominación..."; logo no apartado 2.4 ordénase poñe-los nomes dos lugares "coa máxima corrección ortográfica", coidando "a corrección e claridade" dos mesmos. Nos apartados 1 do anexo II e 5 do anexo V ordénase tamén revisa-la nomenclatura das rúas e demais vías urbanas e a súa rotulación, así como reflexar e indica-los nomes nos planos das vías e accidentes xeográficos que limiten ou estean situados en cada sección.

SUMARIO

	Páx.
Unha ocasión excelente para a normalización: a renovación dos padróns de habitantes	1
O MARCO XURIDICO. Medidas para o fomento da etiquetaxe e publicidade en galego dos produtos comerciais (Xesús Costas Abreu)	2
AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS. A Deputación provincial	3
MODELOS DE DOCUMENTOS. Os bandos	4
CUESTIONS DE GRAMATICA. O número. 1. Os sustantivos (Xosé Torres)	6
TERMINOLOXIA: —Xeneralidades (I)	8
—Investir, investimento, investidor (Xermán García C.)	8
BIBLIOGRAFIA	9
NOVAS	10
Balance dun ano de actividades	11
A lingua galega e os "Funcionarios con habilitación de carácter Nacional"	12

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Días Abraira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
María Xesús Miramontes Castro
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

DESEÑO:

M. Janeiro
F. Mantecón

IMPRESOR:

Artes Gráficas Galicia, S.A.
Rúa Segovia, 15 - VIGO
Depósito Legal: VG-186-1985

EDITA "ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA DE GALICIA".

MEDIDAS DE FOMENTO DA ETIQUETAXE E PUBLICIDADE EN GALEGO DOS PRODUCTOS COMERCIAIS

Ó final, no Estatuto galego do consumidor e usuario (Lei 12/84, do 28 de decembro) incluíuse un precepto que veu dar cumprimento ó mandato contido no artigo 25 da Lei de Normalización Lingüística; trátase do último do seu artigo 23: "A estes efectos (garantía do dereito dos usuarios a unha información veraz e completa sobre os bens e servizos consumibles) e no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, propiciárase o emprego do galego". No artigo 21 do proxecto de lei remitido polo Goberno galego ó Parlamento (véxase B.O.P.G. n.º 304) dicíase: "A estes efectos e no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, propiciárase o emprego de normas bilingües" (sic), e esta pérola non callou porque o deputado Nogueira a emendou, e aínda que o seu texto foi rexeitado, o senso do resultado final variou sustancialmente.

En desenvolvemento do devandito artigo 23, acaba de promulgarse o Decreto 101/85 do 23 de marzo, sobre a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia. O contido desta norma pode resumirse en dous aspectos:

a) Os datos escritos consignados nas etiquetas poden expresarse en galego, en castelán ou en ámbolos idiomas; neste caso deben utilizarse letras do mesmo tamaño "e caracteres".

b) A Consellería de Sanidade e Consumo adoptará medidas de fomento para favorecer a etiquetaxe en galego dos produtos comercializados en Galicia (subvencións, premios e mencións honoríficas) e a publicidade en galego dos citados produtos (premios e mencións honoríficas).

Pero se o texto do proxecto enviado polo actual goberno galego

era malo, casa perfectamente co que é a política habitual dos gobernos centrais, que teñen no seu haber unha penosa ringleira de actuacións destinadas a impedi-lo uso oficial pleno dos idiomas diferentes do castelán neste eido; vexamos algunhas:

—R.D. 2058/82, do 12 de agosto, norma xeral de etiquetado, presentación e publicidade de produtos envasados, art. 20: "Os datos obrigatorios do etiquetado dos produtos alimenticios que se comercialicen en España expresaranse necesariamente na lingua española oficial do Estado".

—R. D. 308/83, do 25 de xaneiro, regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, apartado VI.2.3., 2º párrafo: "Os datos obrigatorios... expresaranse necesariamente na lingua española oficial do Estado".

—8 de xaneiro de 1984: o Goberno central recorre perante o Tribunal Constitucional o Decreto 389/83 da Generalitat sobre a etiquetaxe dos produtos que se comercializan en Catalunya. Conforme ó artigo 77 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, este recurso supuxo a suspensión do devandito Decreto ata que o 19 de xullo o Tribunal decide ergue-la suspensión atendendo ós razoamentos da defensa da Generalitat; no entanto o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adicouse a sancionar ás empresas que etiquetaban os seus produtos en catalán.

—Orde do Ministerio da Presidencia, de 5 de marzo de 1985, sobre normativa para a etiquetaxe informativa do calzado, art. 2: "Todo par de calzado fabricado en España (...) deberá levar unha etiqueta, redactada na lingua oficial do Estado español na que se especificará..."; logo, no artigo 8 reincídese no mesmo para o calzado importado.

—Orde do Ministerio da Presidencia, de 29 de marzo de 1985, norma de calidade para pexegos con destino ó mercado interior, apartado 8: "Cada envase deberá levar obrigatoriamente, en caracteres claros (...) expresados alomenos na lingua oficial do Estado...". Por Orde do 29 de marzo dise exactamente o mesmo para os albaricoques (apartado 8.1). Nestas dúas últimas Ordes aínda se pode apreciar unha mínima apertura na redacción verbos das actuacións anteriores.

En todo caso, e para rematar, cómpre dicir que o Goberno central non só non protexe activamente a pluralidade senón que sin sequera a respeta. As dúas normas máis recentes son claramente incompatibles coa plena oficialidade (caracterizada polas notas de igualdade, autonomía e indivisibilidade) do noso idioma e para mellor comprende-la cerrazón desta vontade antinormalizadora cómpre deterse en que tanto o Decreto catalán como o galego se cinguen ós produtos comercializados no seo do territorio respectivo. Seica deben pensar que a normalización das etiquetas e os dereitos dos consumidores deben ser incompatibles coa normalización dos nosos idiomas e os dereitos lingüísticos dos cidadáns e o peor é que esta Xunta de Galicia non parece estar moi convencida do contrario porque non é este o só proxecto de lei no que esqueceu os mandatos contraídos na Lei de Normalización, como xa se sinalou no primeiro número da Revista de Administración Galega: no proxecto de lei de creación do Instituto Galego de Administración Pública, remitido ó Parlamento o 4 de marzo deste ano, decidiron prescindir do que sinala o artigo 24 da Lei de Normalización (para non repetirse, seguramente); emendar é de sabios e emendarse tamén.

as dependencias administrativas

DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Teñen unha orixe relativamente recente, nacen coa Constitución de 1812 e consolídanse no 1935. Créanse como órganos de goberno provincial logo de face-la división do territorio en provincias.

En Galicia as Deputacións son as sucesoras das vellas Xuntas do Reino, que funcionaron sécularmente e que tiñan no deputado xeral de Galicia a súa engrenaxe coa corte.

Segundo a lexislación vixente o número de Deputados correspondente á Deputación Provincial determínase polo número de residen-

tes de cada provincia, conforme ó seguinte baremo.

Ata 500.000 residentes	25
De 500.001 a 1.000.000	27
De 1.000.001 a 3.500.000	31
De 3.500.001 en adiante	51


Tódolos partidos xudiciais contan, alomenos, con un Deputado, pero ningún pode contar con máis de tres quintos do número total de Deputados Provinciais.

A pesar da longa enumeración de competencias que lles atribúe a Lei de Réxime Local no seu texto de 1955 artigo 243 a imposibilidade do seu cumprimento exhaustivo leva

consigo unha concentración de esforzos das catro Deputacións galegas en sectores concretos de actuación na liña apuntada pola Lei de Bases de 1975. En primeiro lugar, nas actividades tipicamente provinciais como son a rede viaria, servizos sanitarios e asistenciais, en segundo lugar destacan tamén as actividades das Caixas Provinciais de Aforro e os esforzos na difusión cultural e finalmente os investimentos encamiñados ó fomento industrial.

Recollemos a súa estruturación no seguinte esquema.

ORGANIZACIÓN XERAL DUNHA DEPUTACIÓN PROVINCIAL



modelos de documentos administrativos

OS BANDOS

O artigo 5 do Regulamento de Servicos das Corporacións Locais califica o bando como un medio de intervención das Corporacións na actividade dos seus administrados xunto coas ordenanzas e os regulamentos.

O bando é un mandamento que o Alcalde adopta no marco das súas competencias.

O art. 111 da Lei de Réxime Local, texto refundido do 24 de xuño de 1955, considera que a infracción dos bandos é suposto de

multa. As contías das multas municipais foron modificadas pola disposición adicional 9 do Real Decreto-Lei do 20 de xullo de 1979, de acordo coa orde seguinte: 25.000 pesetas para os concellos de máis de 500.000 habitantes, 15.000 pesetas para os de 50.001 a 500.000 habitantes, 10.000 pesetas para os de 20.001 a 50.000 habitantes, 5.000 pesetas para os de 5.001 a 20.000 habitantes e 500 pesetas para o resto dos concellos.

Hai outros preceptos da Lei de Réxime Local que tamén regulan

puntos dos bandos, como son os artigos 114, 116 e 117.

É importante recordar que os bandos, igual que tódolos actos de intervención (art. 6 do Regulamento de Servicos), deben ser congruentes cos motivos que os xustifican. Iso quere dicir que as prescricións deben ser razoables e proporcionadas ás circunstancias que esixen a súa adopción.

Ofrecemos aquí dous modelos de bandos que, pola súa actualidade, poden servir para un número importante de concellos.

Modelo 1

BANDO

REFERENTE Á LIMPEZA DA CIDADE DURANTE AS ACTIVIDADES PÚBLICAS DO PERÍODO ELECTORAL

O esforzo que está a levar a cabo o Concello no tocante á limpeza da cidade permite que pouco a pouco se recupere a imaxe cidadá que nos corresponde. A apertura dun novo período electoral e a enorme difusión de mensaxes que leva consigo, non deben de prexudicar, con todo, este esforzo.

Co fin de respectar a liberdade de expresión e a libre manifestación política dos cidadáns e ó mesmo tempo garantir que estas actividades non afecten á limpeza da cidade, ó abeiro das ordenanzas e das instrucións municipais vixentes sobre limpeza, promulgo o bando seguinte:

1º. Os efectos do que establece o artigo 8º da Instrucción municipal que na nosa cidade regula o espallamento de follas voantes, a colocación de pancartas e carteis e a utilización dos espazos publicitarios municipais, aprobada por esta Alcaldía o _____ de _____ de 19____, o período electoral con motivo das próximas eleccións ó Parlamento de Galicia abrirase ás cero horas do próximo día ____ de _____ e rematará ás vinte e catro horas do día _____ de _____ seguinte.

Durante este período rexerán as prescricións que contén o mencionado artigo _____ da Instrucción municipal citada.

2º Os infractores deste bando e da normativa mencionada serán sancionados de acordo co que prevén as Ordenanzas municipais.

_____, de _____ de 19____

O / A Alcalde/sa Presidente/a,

(nome e apelidos)

(selo da Alcaldía)

O español / os españois
O nivel rexional / os niveis
rexionais

NÚMERO

BANDO

FORMACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
(Con referencia ó (día) _____ de (mes) _____ de 19 _____)

_____, Alcalde-Presidente do Concello de _____

(Nome e apelidos)

FAGO SABER:

Que, polo Real Decreto da Presidencia do Goberno _____ /19_____, publicado no Boletín Oficial do Estado do día _____ de _____, se dispón a renovación do padrón municipal de habitantes con referencia ó día _____ de _____ de 19_____, segundo o previsto no vixente Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial. En consecuencia, vaise forma-lo PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES deste Concello, tomando como referencia o día citado.

Xa que logo, tódolos residentes deste Concello, aínda que temporalmente se atopen no estranxeiro ou noutros Concellos, así como os residentes doutros Concellos e os estranxeiros que accidentalmente se atopen neste Concello o día _____ de _____ de 19_____, teñen a obriga de inscribirse no padrón municipal de habitantes; a tal fin, conforme ó determinado pola Lei de Estadística do 31 de decembro de 1945, artigos (.....) da vixente Lei de (.....) título terceiro do citado Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial e disposicións complementarias, os interesados deberán cubri-las FOLLAS DE INSCRIPCIÓN que oportunamente lles serán facilitadas e que se refiren ó empadramento municipal.

Para cumprir mellor tan importante servizo designáronse equipos de axentes censuais que, oportunamente, visitarán cada vivenda para recolle-las mencionadas follas e para cubrilas eles mesmos, se non hai ningunha persoa da familia que saiba facelo. Con este fin, deberán selles dar a estes axentes tódolos datos necesarios.

Quen se negue a cumprir con esta obriga será castigado con multa na contía que sinale a lei e sometido ós procedementos xudiciais derivados da desobediencia. Tamén se advirte que as persoas que non figuren incluídas no padrón municipal de habitantes poden sufrir graves prexuícios, como quedar eliminadas dos censos electorais, non ter dereito a seren incluídas na beneficencia municipal, non poder obter certificacións ou outros documentos para o disfrute dos beneficios da seguridade social e non poder desempeñar cargos públicos nin obter certificacións de veciñanza, e quedarán privadas igualmente dos demais dereitos veciñais.

Tanto os axentes como o resto do persoal que interveña nas operacións censuais terán a autoridade e as obrigas que, para cumpriren a súa misión, determina a citada Lei de Estadística e o seu Regulamento.

Esta Alcaldía espera de todo o vecindario a maior colaboración en beneficio dos propios intereses particulares de cada veciño e dos xerais da comunidade municipal.

En _____, a _____ de _____ de 198 _____

O/A Alcalde/sa

cuestións de gramática

O NÚMERO

1. Os substantivos

Na aplicación do número, tanto dos substantivos coma dos adxectivos, aparecen a miúdo usos indebidos moi particulares, debido en parte ó conflito lingüístico entre o galego e mailo castelán. Por iso aproveitámo-la ocasión para lembrar-las regras xerais da formación do plural.

I.- Hai uns cantos substantivos que teñen como especificidade unha única forma para o número e empréganse ou ben en singular e/ou ben en plural. Vexámo-los casos máis característicos:

1) Os nomes de materia xeralmente úsanse en singular: *o ouro, a prata, o viño, o éter, o leite,...*

Se levan a marca do plural é que se lles está dando un sentido específico:

—Fomos toma-*las augas* termais ó balneario de Cuntis.

—Sentáronlle ben *as augas* do mar.

2) Hai nomes que teñen unicamente forma de plural —polo xeral non son agudos—, ou sexa que o singular remata en -s, mais serven para os dous números:

o/os oásis, a/as cutis, o/os mércores, o xoves, o venres, o/os paraugas, o/a - os/as papanatas, etc.

—O *martes* seguiremos a traballar.

3) Outros empréganse só en plural, é dicir, non teñen a marca de singular: *as efemérides, os cartos, as cóxegas, as témporas, as tenallas, as tesoiras...*

—Os peixes da fosa atlántica remesaránno-*los parabéns* polos *viveres* que lles mandaron.

II.- Xa no emprego das regras xerais, témo-lo seguinte esquema:

Remate da palabra:

Singular

Plural

Exemplo

1) En vocal
ou en ditongo

+ S

O réxime/os réximes
Os volume/os volumes
A ventá/ as ventás
O tabú / os tabús
Os rei / os reis
A lei / as leis
O pao / os paos

—Os *Concellos* realizan *análises comparativas* das *distintas leis* aprobadas polo Goberno galego.

2) En -N

+ S

O tren / os trens
A función / as funcións
O dolmen / os dolmens

—Os *problemas cotiáns* non resolven as crises homologables dos *canons* políticos.

Neste apartado débese ter moi en conta a terminación en galego

das seguintes palabras: *o volume / os volumes, a orde / as ordes, a imaxe, o exame, o crime, o dictame, o seme, etc....*

—A *orde* das *imaxes* ofrecía uns *exames* e *dictames parciais* dos respectivos *réximes* políticos sudamericanos.

3) En -R, -Z ou -S

+ ES

O carácter / os caracteres
O portavoz / os portavoces
O deus / os deuses
O compás / os compases

—Temos no maxín os felices *compases* mailas *vozes* das cantaxadas electorais.

Algunhas das palabras que rematan en -s ou -x son invariables formalmente e non seguen esta re-

gra. Amais de *o/os biceps, o/os sílex, o/os tórax, o/os clímax*, véxase o apartado 2 do punto anterior.

4) En -L

+ ES

O sal / os sales
O mel / os meles
O til / os tiles

1) Monosílabos

-L

—Os *males* administrativos non se resolven facilmente.

2) Palabras agudas

-L → -IS

Sucursal / sucursais
O baúl / os baúis
O español / os españois
O nivel rexional / os niveis rexionais

—Os plans *estructurais* son de |competencia social.

-IL → -ÍS

O civil / os civís
O funil / os funís

—As *patronais* convocaron probas para a selección de personal laboral con destino ós centros *sociais*,

as residencias da terceira idade, as garderías *infantís*, etc...

3) Palabras graves

-L + ES

O cónsul / os cónsules
O túnel / os túneles
O móbil estéril / ós móbiles estériles

—Os *túneles* nas estradas causan mortes *inútiles*.

5) Débese ter coidado cos cultismos e/ou extranxeirismos. Véxase: *déficits, superávits, complots, ulti-*

mátums, réconds, hábitats, estándares,...

III. O NÚMERO DOS NOMES COMPOSTOS

Formación

Características

Exemplos

Adx. + Adx.
(Xunguidos formando unha soa palabra)

Flexión do segundo elemento

O xordomudo / os xordomudos

Adx. + Adx.
(Unidos por un guión e mantendo os dous terminos o acento propio)

Flexión do segundo elemento

A avantaxe agrario-pesqueira / as avantaxes agrario-pesqueiras
O conflicto político-social / os conflictos político-sociais

Subst. + Subst.

Flexión dos dous elementos

O porco teixo / os porcos teixos
O redactor-xefe / os redactores-xefes
O decreto-lei / os decretos-leis

Subst. + Adx.

Flexión dos dous elementos

O garda civil / os gardas civís
O garda-xurado / os gardas-xurados
O director-Administrativo / os directores-administrativos

Subst. + Prep. + Subst.

Flexión do primeiro elemento

O cabalo do demo / os cabalos do demo

Adx. + Subst.

Flexión do segundo elemento

O salvo-conducto / o salvo-conductos

Verbo + Subst.

Flexión no segundo elemento

O tecelán / os teceláns
A tecelá / as tecelás
O xirasol / os xirasoles
O rañaceo / os rañaceos

Subst. + Adx.
(Formando unha soa palabra)

Flexión do segundo elemento seguindo as regras anotadas nos puntos anteriores

O cartafol / os cartafoles

Verbo + Verbo

Flexión do segundo elemento

O bulebule / os bulebules

CUESTIÓNS XERAIS (I)

No número 5 de "L e A" falabamos moi por riba do estudio terminolóxico e incluíamos un modelo de ficha lexicográfica que serviría de modelo normalizado neste traballo necesario e indispensable. Para unha visión máis completa do tema suxerímo-la lectura, entre outras, das seguintes publicacións, algunha delas xa reseñada noutros números desta revista:

—“Metodología de la recerca terminolóxica”, adaptación catalana de M. Teresa Cabré da obra francesa de Pierre Auger e Louis Rousseau, editada polo Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya (Barcelona, 1984).

—A obra colectiva “L'establiment del llenguatge administratiu”, actas das xornadas celebradas en Barcelona en febreiro de 1984, en especial o relativo ó seminario sobre o léxico e a fraseoloxía na terminoloxía administrativa (páxs. 27-44).

—Os diversos artigos e notas sobre o tema que publican a “Revista de Llengua i Dret” e mais “Llengua i Administració”, edi-

tadas pola Escola d'Administració Pública de Catalunya.

—Os artigos, incluídos no número 1 da “Revista de Administración Galega”, de Carles Duarte, sobre a experiencia catalana na creación dunha linguaxe administrativa moderna, e de Antón Santamarina, sobre a documentación dialectal no establecemento deste rexistro técnico.

Neste sentido, é evidente que este traballo de confección da terminoloxía e, en xeral, da linguaxe administrativa, ten, por dicilo así, dúas ponlas principais: por un lado, o aspecto planificador ou organizativo, que abranguería desde o labor de delimitación do campo de traballo e a creación de medios exploratorios ata o de difusión e coordinación no uso e espallamento da terminoloxía establecida; e por outro lado, e tamén desde un punto de vista técnico, o aspecto estritamente lingüístico, é dicir, a investigación e elaboración desa terminoloxía.

Por outra parte, é evidente tamén que esta tarefa é propia e substancial do que debería ser —non é— unha política de normalización lingüística. Parece deducible que se “O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e ós particulares, e...” (artigo 22 da Lei de normalización lingüística), pois este labor de creación, establecemento e difusión da terminoloxía administrativa (e técnica en xeral) debería ser obxecto de atención e adicación. Suponse que ou ben é “segredo de Estado” ou materia reservada ou ben non se avanzou (= non se principiou) nada neste ámbito, cousa que, a teor da marcha noutros eidos, semella máis convincente(1).

(1) Sobre a política lingüística desenvolta pola Xunta de Galicia, consúltese o Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, n.º 110, do que damos noticia no apartado de “Novas” neste mesmo número de “L e A”.

INVESTIR - INVESTIMENTO - INVESTITOR

A denominación do concepto económico de “empregar ou colocar capitais en aplicacións produtivas” presenta en galego o problema de decidirse polo término “invertir”, paralelo ó castelán “invertir”, ou por “investir”, paralelo ó término empregado en portugués, francés, italiano e inglés.

En castelán “invertir” é unha palabra polisémica que, á parte do valor comentado ten o de “alterar, trastorna-las cousas ou a orde delas”, amais de valores específicos en matemáticas (“cambia-los lugares que nunha proporción ocupan, respectivamente, os dous términos de cada razón”). Para expresar este mesmo concepto temos no portugués “invertir”, no francés “in-

vertir”, “invertir”, “inverser” e “renverser”, no italiano “invertire” e no galego “invertir”.

Para o concepto económico, propoñemos como término máis axeitado *investir*, por solidariedade cos mais idiomas (á parte, claro está, do castelán), aínda tendo en conta que o portugués (sobre todo no Brasil) tamén emprega “invertir” (Concretamente no *Dicionário de dúvidas e dificuldades do idioma nacional* dáse como válido o uso de “*investir capitais*” e condénase o de “invertir capitais”, proba de que “invertir” é usado co significado económico).

Investir será, pois, en galego “empregar capitais ou diñeiro nunha empresa ou nunha obra ou

colocalos en empresas productivas”. Como substantivo derivado teremos *investimento*, como “acción e efecto de investir” ou como “capitais investidos ou empregados”. A persoa que inviste será un “*investidor*” ou unha “*investidora*”.

Á parte deste significado ten tamén o de “conferir unha dignidade ou un cargo importante”, co correspondente substantivo “*investidura*” (“sesión de investidura dun presidente”, por exemplo).

“Investir” pode ser substituído por “empregar” ou “utilizar” unha cantidade de diñeiro en contextos como: “O concello vai *investir/empregar* cinco millóns nas obras de reconstrución dos edificios”.

bibliografía

No n.º 191 (un dos extraordinarios adicados á experiencia italiana en materia de descentralización) de "Documentación Administrativa", inclúense dous artigos de Alessandro Pizzorusso, "Problemas xurídicos do uso das linguas en Italia" e "Tutela das minorías lingüísticas e competencia lexislativa rexional", que, ademais da información que fornecen sobre a realidade lingüística italiana, aportan unha serie de elementos para unha análise xurídica da cuestión lingüística sumamente interesantes (os artigos citados datan de 1974 e 1977), e por iso imos intentar sintetizalos:

1).- As solucións xurídicas dadas ós problemas relacionados co uso das linguas caracterízanse pola influencia exercida pola ideoloxía nacionalista do Estado: función xeral de conservación dos valores aceptados en fases históricas precedentes adopción de todo un conxunto de medidas dirixidas a revalorizar sobre calquera outra a lingua identificada como "nacional" do Estado, de xeito que calquera outro idioma usado no territorio do Estado debe reducirse ó status de "lingua extranxeira" ou "dialecto", cunha dobre asimilación implícita: extranxeiro/enemigo potencial e dialecto/ignorancia.

Semella que fronte ó valor vehicular comunicacional das linguas, prima —na visión xurídico-política das mesmas— o seu valor identificador-agregador.

2).- O fenómeno lingüístico desde a perspectiva xurídica é obxecto de regulación principal en dous aspectos:

—Liberdade de uso nas comunicacións: qué linguas poden/deben ser empregadas en xeral e concretamente nos procedementos xurídico-administrativos (no cumprimento de actos con eficacia xurídica). Teríamos aquí, pois, as seguintes cuestións:

a) Liberdade ou posibilidade legal de uso xeral.

b) Lingua de expresión dos actos finais e formais: leis, actos administrativos, contratos, sentencias....

c) Reparto da carga de facilitación da comprensión entre o autor e o destinatario (procedementos de tradución, linguas de interposición,..)

Entende Pizzorusso que neste aspecto o problema da liberdade da

lingua se aproxima ó problema da liberdade de expresión e que a fixación de criterios de regulación se introduce tanto por normas xurídicas concretas como por posicións e valoracións políticas xerais.

—O ensino: neste terreo, polo demais fundamental de seu, sempre se dan prescricións concretas e vinculantes no tocante a:

a) Lingua vehicular do ensino.

b) Disciplinas lingüísticas que se van impartir.

c) Espacios asignados.

3).- Á inversión da tendencia nacionalista ou monolingüista, derivada do período de xurdimento do "estado-nación", e acentuada nos períodos de goberno antedemocrático, vaise traducindo en normas e principios de diferente alcance e rango que traducen niveis de tutela e tratamento diferentes:

a) O principio de non discriminación por motivos lingüísticos.

b) Os principios da tutela positiva xeral ligados a:

—Aceptación e consagración do pluralismo ideolóxico e institucional.

—A diferenciación: linguas e minorías lingüísticas/simples variedades lingüísticas.

—A atribución de competencias reguladoras da tutela da lingua ó grupo social e político posuidor da mesma.

—O principio de tutela activa das minorías lingüísticas como unha especificación do principio máis amplo de igualdade.

—Tanto os estudos sociolingüísticos como os principios de defensa, promoción e desenvolvemento da cultura e do patrimonio propio levan a evidencia-la necesidade da tutela das linguas.

4).- O outro punto sobre o que fornece importantes elementos de xuício Pizzorusso é o da interpretación xurisdiccional das competencias en materia lingüística en relación co principio da igualdade. Sobre este asunto hai novas decisións xudiciais e do Consello de Estado posteriores ás recollidas nestes traballos e máis favorables á "parificación" lingüística, polo que cómpre deixalo agora para tratalo máis de vagar.

Las lenguas nacionales en la Administración, publicación da De-

putación Provincial de Valencia, Valencia 1981.

Este libro, publicado xa hai algúns anos, recolle, sen embargo, temas de gran actualidade e interés, tratados na Mesa Redonda organizada pola Deputación Provincial de Valencia, a través do Servicio de Estudios e Planificación Social, e inclúe artigos, entre outros, de Rafael Ninyolles ("La política lingüística: modelos y ámbitos"), Luis Alberto Aramberri ("Situación actual del euskera y posibilidades sociopolíticas a medio plazo"), José Juan González de Txabarri ("Introducción al uso del euskera en la Administración pública"), Ramón Torrens ("Servicio y servidumbre en el lenguaje administrativo"), Jaume Sánchez Isac ("Medidas prácticas para normalizar el catalán en el lenguaje administrativo de las Corporaciones locales"), Bartolomeu Colom ("Normalización lingüística y Administración pública"), etc.

ESCOLA D'ADMINISTRACIÓ PÚBLICA DE CATALUNYA, *L'establiment del llenguatge administratiu*, Barcelona, 1984.

Publicación que recolle as actas das "Xornadas sobre l'establiment del llenguatge administratiu catalá" e na que se abranguen temas referentes tanto ó catalán en si como ós usos internacionais, a influencia castelá, así como sobre o proceso de elaboración de documentos administrativos.

ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA, *Revista de Administración Galega*, Santiago de Compostela, 1985.

Revista da que xa informamos en números anteriores e que por fin saíu á luz. Este primeiro número céntrase especialmente en temas relacionados coa normalización lingüística, ó recolle-las ponencias das I Xornadas de Lingua e Administración, celebradas o ano pasado en Santiago, pero a intención da Asociación é abrila en números posteriores a toda temática referente á administración en xeral, con especial incidencia, así e todo, na cuestión lingüística.

No "Diario de Sesións do Parlamento de Galicia" n.º 110, correspondente á Sección Plenaria do martes 16 de abril de 1985, reproducíase a comparecencia do Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Cultura para informar da política lingüística desenvolta pola Xunta de Galicia. Así mesmo, recóllense as posturas dos diferentes Grupos Parlamentarios da Cámara.

"Lingua e Administración" segue a subscribi-los puntos do escrito que a "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia" lles remitiu ós diferentes Grupos e mais á Mesa do Parlamento en solicitude do debate sobre este tema. Igualmente, coincide coas críticas que a oposición parlamentaria lle fai ó Goberno galego. E só engade unha cousa, do-

damente visible: non soamente é a Xunta de Galicia a que carece de planificación e política lingüística, senón que esta inacción é extensible, non sendo unhas poucas excepcións, á práctica totalidade de institucións e corporacións públicas —xa non falemos de privadas— gobernadas ou dirixidas tanto pola "dereita" como pola "erquerda" (incluída a nacionalista).

Le A

SOBRE O PERSOAL Ó SERVICIO DAS ADMINISTRACIÓN LOCAIS EN GALICIA

Corporación locais	Administración xeral						Administración especial							Total
	Tc	Ad	Au	Sb	Ts	Tm	Ta	Pm	Au	BOM	PO I/4	PO I/3	Ce	
A Coruña	223	197	302	152	76	168	41	634	79	128	548	1.054	54	3.656
Lugo	74	99	121	50	33	39	24	188	57	24	197	405	—	1.311
Ourense	63	59	171	42	53	92	12	223	78	61	256	450	4	1.567
Pontevedra	126	291	264	135	142	146	46	701	66	106	742	1.184	24	3.973
														10.507

Por fin, fixémonos cos datos referentes a persoal ó servizo das Administracións locais en Galicia; proceden da Dirección Xeral de Administración Local do Ministerio de administración Territorial e refírense ó mes de maio do ano que andamos e ás prazas cubertas conforme ós cadros de persoal vixentes.

Para facilita-la comprensión, dámo-las significacións das abreviaturas utilizadas:

- Tc = Técnicos (titulados e "a extinguir").
- Ad = Administrativos.
- Au = Auxiliares.
- Sb = Subalternos.
- Ts = Técnicos superiores.
- Tm = Técnicos superiores.
- Ta = Técnicos auxiliares.
- Pm = Policía municipais.
- Au = Auxiliares da Policía municipal.
- Bom = Bombeiros.
- P_x O_x = Persoal de oficios_x (Os guarismos aluden ó índice de proporcionalidade 4 ou 3).
- Ce = Prazas de cometidos especiais.

Non se inclúen os corpos nacionais (Secretarios, Interventores, Depositarios e Directores de Banda de Música) nin as persoas contratadas que non cobren praza de cadro.

Por se alguén non se lembra, en Galicia hai 312 Concellos (93 na Coruña, 66 en Lugo, 92 EN Ourense e 61 en Pontevedra) e 4 Deputacións provinciais.

BALANCE DUN ANO DE ACTIVIDADES

O pasado día 5 celebrouse en Compostela a Asamblea anual da nosa Asociación. A Xunta Directiva deu conta de tódalas actividades e xestións levadas a cabo ó longo do ano. Como máis importante cómpre salientar as moitas entrevistas que se mantiveron en audiencias cos Presidentes da Xunta de Galicia e do Parlamento (para promover un debate na Cámara Galega sobre política lingüística). Delegado do Goberno, Gobernador Civil de Pontevedra, Rector da Universidade, Directores

Xerais de Política Lingüística e da Función Pública, Alcaldes, etc.

No capítulo de publicacións a Xunta Directiva informou sobre o espallamento cada vez maior do boletín "LINGUA E ADMINISTRACION", con 772 subscricións. No tocante á recén aparecida REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA, a Xunta Directiva mostrou a súa satisfacción polo cada vez maior número de subscricións que vai tendo. Agora mesmo conta con 241, agardando que axiña sexan moitas máis.

Como proxectos máis inmediatos a realizar está a constitución dunha comisión formada por juristas e lingüística para comenzo dos traballos de redacción dun Formulario do Procedemento Procesal, e a próxima aparición do Manual de formularios de administración local que é o resultado do convenio asinado por trinta e pico Concellos e mailo Instituto da Lingua Galega, que a Asociación promoveu.

Informou a Xunta Directiva sobre a formación de novos grupos na Coruña e Ourense, entre os que se atopan secretarios de Concellos.

Revista de Administración Galega

BOLETIN DE SUBSCRICION

Apelidos ou Entidade..... Nome.....
Enderezo..... Nº.....
Concello..... Provincia.....
Lugar de traballo.....
Profesión.....

Subscríbome á REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA por ano (2 números / 1.200 pesetas)

Farei efectivo o importe da subscrición:

- en metálico
 mediante talón bancario adxunto n:.....
 por domiciliación bancaria
Banco / Caixa.....
Núm. conta / libreta..... Poboación.....
Enderezo da axencia.....
Data..... Sinatura.....

REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA

Asociación de Funcionarios para
a normalización lingüística de Galicia.

Virxe da Cerca, 13-2º

SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A LINGUA GALEGA E OS "FUNCIONARIOS CON HABILITACION DE CARACTER NACIONAL"

No proceso de introducción á normalización da lingua galega no eido das administracións públicas, e especificamente da administración local, xogan un importante papel os funcionarios agora chamados, segundo a nova Lei Reguladora de Bases do Réxime Local "funcionarios ou habilitados de carácter nacional", isto é, os secretarios, interventores e tesoureiros da Administración local.

As funcións que desempeñan estes funcionarios son de feito e de dereito as máis relevantes pois comprenden (véxase o art. 923 da LRRL), a fe pública administrativa, o asesoramento legal, a fiscalización da xestión financeira e presupostaria, e a contabilidade, tesourería e recadación. Por outra, a estas competencias "de iure" engádense outras "de facto" non menos relevantes, como son, polo menos en canto á Secretaría, as derivadas da xestión directa en materia de persoal, o seu carácter de titulado superior, a intervención directa nas resolucións da Alcaldía e nas sesións da Comisión de Goberno e Pleno, etc.

Velaí que se a actitude das autoridades políticas locais de cara á normalización da lingua galega na administración local é fundamental en canto que son depositarios da vontade popular e titulares de poder, tamén é importante a conducta que respecto daquela cuestión teñen aqueles funcionarios de status superior, e con certa "auctoritas"

sobre o resto do colectivo de servidores públicos.

Xa que logo, se a nosa Asociación se preocupa pola galeguización do funcionariado en xeral, temos unha especial sensibilidade pola deste colectivo.

Pois ben, así como no seu día solicitamos da Xunta de Galicia e dos concellos que se xeneralizara e formalizara a esixencia de acreditación dos coñecementos de lingua galega nos procedementos de acceso á función pública local e autonómica, lóxico é que fagamos extensiva aquela ós funcionarios de carácter nacional e chamémo-la atención das autoridades locais de Galicia sobre as posibilidades (aínda que cativas) que para acadar tal obxectivo ofrece o art. 99.2. da LRRL coa nova regulación que contén dos concursos para a provisión das prazas de secretarios, interventores e tesoueiros da Administración local.

Di aquel artigo que as normas básicas dos concursos serán regulamentadas polo Estado coa inclusión dos méritos xerais que acadarán unha puntuación do 75% do total do baremo. Cando os Concellos e Deputacións non establezan outros méritos específicos os xerais sinalados polo Estado acadarán lóxicamente a puntuación do 100% do baremo.

Como novidade dispón aquel artigo que os Entes locais poderán aprobar unhas bases que rexerán os concursos para aquelas prazas con

baremos dos MERITOS ESPECIFICOS. Unha copia desas Bases serán remitidas á Administración central e á Comunidade Autónoma, cando se lle comuniquen as prazas vacantes e por suposto antes de que se faga o concurso anual. Logo da avaliación deses méritos específicos nos candidatos por un tribunal nomeado no seo da Corporación, esta propondrá ó Estado o nomeamento segundo a orde de calificación obtida.

A proposta que nós facemos chegar ás Corporacións locais de Galicia con carácter urxente, é obvia: que aproveiten ese pequena fenda a prol da autonomía municipal e aproben unhas bases complementarias do concurso para cubrir as prazas de funcionarios con habilitación de carácter nacional, establecendo como mérito específico a esixencia do coñecemento oral e escrito do idioma galego, por considerar que é un requisito imprescindible no longo e revirado camiño da normalización da nosa lingua.

Esta Asociación ofrece a súa colaboración técnica para a redacción e esclarecemento técnico das bases, se fose preciso, e o artellamento do procedemento para acreditar-lo nivel de coñecemento do galego podería facerse doadamente co ILG da Universidade galega.

Tendo en conta que o concurso está a caer, conviría acelerar-lo preparativos e leva-lo asunto ó Pleno para a súa aprobación nos vindeiros meses de outubro ou de decembro.